

MATERIAL PRA CATEQUISTA

SECRETARIADOS DE CATEQUESE DE GALICIA



1

CREO EN XESÚS

Materials
complementarios
ao catecismo
XESÚS É O SEÑOR



Tema 1.- Os cristiáns

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 5 da ficha. Falamos cos rapaces do que o texto e os debuxos nos suxiren.
- 4.- Coloreamos o debuxo da páxina 5.
- 5.- Lemos o apartado “a nosa vida” no libro na páxina 6. Completamos os textos que faltan na ficha páxina 6. Facemos o debuxo que se nos propón na ficha e completamos os datos que faltan no final da páxina 6.
- 6.- Lemos no libro o apartado “o señor dinos”, explicamos os debuxos e completamos na ficha os textos que faltan. Tamén coloreamos os debuxos.
- 7.- Facemos os tres exercicios da páxina 8 da ficha.
- 8.- Se dera tempo facemos cos nenos o sinal da cruz (a oración que temos na páxina 9 do libro no apartado “realizamos”. Pouco a pouco imos intentar que aprendan a facer a oración do “Polo sinal da santa cruz”.
- 9.- No caderno escribimos:

Resume do tema 1:
**NÓS SOMOS CRISTIÁNS,
E QUEREMOS SEGUIR A XESÚS.**

Tema 2.- Somos unha gran familia

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 11 da ficha. Falamos cos rapaces do que o texto e os debuxos nos suxiren. E pomos o nome a cada persoa que aparece no debuxo (teñen que ser nomes de veciños que hai na parroquia)
- 4.- Coloreamos o debuxo da páxina 11.
- 5.- Completamos o texto que faltan na páxina 12 (non teñen necesidade de copialo enteiro, poden resumilo escribindo algo parecido a “na nosa parroquia de ... hai moitas persoas que dan unha man”).
- 6.- Seguindo os personaxes do debuxo pónenlle estes nomes segundo corresponda: sacerdote, sancristán, cantor, lector, relixiosa, catequista. Estas son as palabras da sopa de letras.
- 7.- Escriben a frase do último cadrado da páxina 12.
- 8.- Completamos os textos da páxina 13 e coloreamos o debuxo.
- 9.- Facemos o exercicio da páxina 14. A frase final é: Os cristiáns estamos moi unidos a **Xesús** e aos **cristiáns**. Formamos unha **familia** moi unida, que se chama **igreja**. Está formada por persoas de todas as **razas**. Entramos a formar parte dela polo **bautismo**. A **misa** é para nós a celebración máis importante. A nosa principal **oración** é o noso pai.
- 10.- No caderno escribimos:

Resume do tema 2:

OS CRISTIÁNS DE OS COTOS E OS DE TODO O MUNDO
FORMAMOS A IGREXA DE XESÚS

Tema 3.- Deus fálanos: A PALABRA DE DEUS

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 17 da ficha. Falamos cos rapaces do que a biblia é o libro que nos fala de Deus e de Xesús. É tamén o libro que nos vai contando a historia de Israel por ser o pobo de Deus, e tamén nos conta o comezo da historia da igrexa contándonos o que fixeron os apóstolos.
- 4.- Ensinámoslle unha biblia. Na ficha imos escribir nomes de libros que hai na biblia. Para facelo máis entretido cada neno vai abrir a biblia por onde queira e na parte de arriba da páxina vai por o nome do libro. Escribino na ficha na páxina17 unindo cunha frecha o nome do libro e cada unha das flores da árbore. Total serán 12 flores - doce libros.
- 5.- Coloreamos a árbore pondo cores diferentes ás flores.
- 6.- Lemos a páxina18 e completamos o primeiro cadro. Contestamos de palabra ás preguntas que se nos fan mentras coloreamos o debuxo da nosa familia falando e contando historias.
- 7.- Facemos o último exercicio escribindo só os cadros que son correctos.
- 8.- Completamos os cadros da páxina19. Imos vendo o importante que é escoitar o que Deus nos di. Os domingos na misa sempre escoitamos a Palavra de Deus.
- 9.- Lendo as preguntas e respostas da páxina19 temos as respostas do primeiro exercicio da páxina20 (**quere, fixo, Xesús, Biblia e tradición**).
- 10.- Completamos na páxina20 os cadros que temos no apartado que nos fala da biblia. E cos textos que temos neste apartado facemos o último exercicio, descubriendo algúns dos libros do antigo testamento, e algúns do novo testamento (as dúas grandes partes nas que podemos dividir a Biblia)
- 11.- No caderno escribimos:

Resume do tema 2:

**OS CRISTIÁNS QUEREMOS ESCOITAR A PALABRA DE DEUS,
POR ISO LEMOS A BIBLIA**

Tema 4.- A creación é obra do amor de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 23 da ficha. E coloreamos o debuxo falando do que nos quere dicir.
- 4.- Lemos a páxina24 e facemos o primeiro exercicio. No caderno escribimos o nome dos compañeiros e pomos o que eles escribiron da natureza e dos inventos. Coloreamos o debuxo dos inventos.
- 5.- Lemos e completamos os textos que faltan na páxina25, e imos explicando para que entendan o que queremos aprender neste tema.
- 6.- Rematamos coloreando o segundo debuxo, pois de todo o que hai na terra, as mulleres e os homes somos o máis importante.
- 7.- Facemos o primeiro exercicio da páxina26.
- 8.- Rematamos escribindo unha carta a Deus na que lle damos as grazas polas cousas que máis nos gustan da natureza, e especialmente dámoslle as grazas polas persoas que están á nosa beira, e que nos recordan que Deus dos creou porque nos ama.
- 9.- No caderno escribimos:

Resume do tema 2:
**DEUS CONVÍDANOS A QUE COIDEMOS A TERRA
E A NATUREZA.**
- 10.- Rematamos lendo no libro na páxina27 o apartado “realizamos”.

Tema 5.- O amor de Deus é máis forte ca o pecado

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 29 da ficha. E coloreamos o debuxo falando do que nos quere dicir.
- 4.- Lemos a páxina 30 e completamos o primeiro cadrado. Facemos o exercicio de pensa e escribe que temos na páxina 30.
- 5.- Facemos un debuxo de algo que non se está facendo ben (no cadrado grande) e explícanlle aos compañeiros que é o que debuxaron.
- 6.- Escribimos a frase que falta no último cadrado da páxina 30.
- 7.- Imos ler polo libro a páxina 31 e despois de ler completamos as frases que nos faltan na ficha. Coloreamos o debuxo.
- 8.- Facemos a páxina 32 da ficha. Os datos podemos sacalos do que se nos di na páxina anterior. Falamos cos nenos de que o conto de Adán e Eva quérenos ensinar que :
 - as persoas desobedecemos a Deus moitas veces
 - Deus non nos vira as costas porque El é capaz de perdoar
 - Deus quere o noso ben e por iso nos dá ao seu Fillo
 - Cando facemos algo que entristece a Deus estamos pecando
 - Adán e Eva entristeceron a DeusNa última das preguntas hai un erro, pois non é o evanxelista Mateo senón que é o evanxelista Lucas.
- 9.- No caderno escribimos:

Resume do tema 5:
**NÓS, ÁS VECES, EN LUGAR DE COIDAR A TERRA E A
NATUREZA, O QUE FACEMOS É ESTROPELA.
PERDÓANOS SEÑOR**
- 10.- Lemos o apartado “realizamos” que temos na páxina 33, e vemos se nós podemos facer algo parecido.

Tema 6.- Deus Pai nunca nos abandona

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 35 da ficha. E coloreamos o debuxo falando do que nos quere dicir.
- 4.- Debuxamos o que se nos propón na páxina 36. Do que se trata é de descubrir que ao noso redor hai moitas persoas que nos queren e que se preocupan de nós e non nos referimos só a familiares (mestres, catequistas, curas, autobuseros, compañeiros, veciños, médicos, bombeiros ...)
- 5.- Escribimos no caderno esta lista de persoas e pomos ao lado o que esas persoas fan por nós:

Mestre --- ensínanos cousas na escola

Catequista ---- ensínanos cousas de Xesús

Curas ---- axúdannos a rezar

....

- 6.- Lemos despaciño e intentando comprender o que nos di a páxina 37 no apartado “o señor dinos” pois a biblia cóntanos que Deus sempre se preocupou do seu pobo. Completamos na ficha os testos que nos faltan.
- 7.- Facemos o exercicio que se nos propón na páxina 38 da ficha completando as frases (é importante que entendan o que quere dicir).
- 8.- Facemos agora o segundo exercicio, aínda que para eles vai ser complicado que saiban unir coas frechas. Podemos axudarlle explicando algún dato de cada personaxe:
Abrahán é aquel co que Deus fai promesa de amizade e lle di “ti e os teus descendentes seredes sempre o meu pobo”.
Israel é ese pobo ao que Deus elixe. É o pobo ao que Deus promete enviarlle ao Salvador. É o pobo no que nace Xesús.
David é o gran rei do pobo de Israel. E cando Xesús naza será da familia de David, por iso Xesús nace en Belén pois esa era a cidade do Rei David, e Xesús é o noso Rei e así llo cantamos nas panxoliñas de Nadal.
Moisés é con quen Deus fixo un trato. Axudoulle a descubrir cales eran os principais mandamentos que el e o pobo terían que cumprir se querían a amizade con Deus e así ser felices.
- 9.- No caderno escribimos:

Resume do tema 6:

**DEUS ESTÁ SEMPRE CONNOSCO, E CÓIDANOS. NÓS
ACORDARÉMONOS DEL CADA DÍA.**

(lemos o apartado “realizamos” que temos na páxina 39 do libro).

Tema 7.- Deus Pai cumpre a súa promesa

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 41 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo empezando por Xesús, logo os nenos, e logo o resto das cousas.
- 5.- Lemos polo libro na páxina 42 a historia que lle pasou a Alexandra. Intentamos que os nenos a expliquen unha vez que acabamos de ler.
- 6.- No caderno van facer tres pequenos debuxos dos tres momentos máis importantes desta historia. Logo dinnos que debuxaron, e colorean o tres personaxes que teñen na ficha na páxina 42.
- 7.- Lemos as preguntas que veñen no fin da páxina e contéstanas.
- 8.- Facemos a ficha páxina 43 mirando polo libro. Será necesario explicar que “profeta” quere dicir algo así como “mestre”.
- 9.- Coloreamos o debuxo do profeta, logo coloreamos o debuxo do pobo, e logo coloreamos a María con Xesús.
- 9.- Recordando a historia de Alexandra contestamos á pregunta que se nos fai na páxina 44 da ficha. A resposta será algo así como: igual que na historia de Alexandra descubrimos como os pais dela non a esqueceran aínda que ela pensaba que si, pois o mesmo lle pasa ao pobo, eles pensaban que Deus os esquecerá, e non foi así e o Nadal de Xesús é a proba de que Deus se acordou de nós.
- 10.- Ordenamos as palabras para facer as frases da páxina 44 da ficha:
As promesas de Deus cumpríronse en Xesús
O profeta recorda as promesas de Deus
Deus elixiu a María para ser nai de Xesús
- 11.- Pomos as letras que faltan: as palabras son –familia, -Señor, -Israel, -pais, -cumpriches, -prometido.
- 12.- No caderno escribimos:

Resume do tema 7:

DEUS CUMPRE A SÚA PROMESA. ELIXIU A MARÍA E DELA NACEU XESÚS. (esta frase está na páxina 43 do libro)
(lemos o apartado “realizamos” que temos na páxina 45 do libro).

Tema 8.- Preparade o camiño ao Señor

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 47 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo empezando por Xesús, logo os pais, logo o portal de Belén, logo os reis magos. (Deixamos sen pintar aos pais cos seus tres fillos, iso colorearémolos máis tarde).
- 5.- Imos lendo a páxina 48 e contestamos ás preguntas que nos veñen ao final.
- 6.- No caderno escriben “Nas festas de Nadal houbo que preparar” e poñen as cousas que houbo que preparar para poder celebrar o nadal (por exemplo houbo que preparar a cea de noite boa, houbo que adornar a casa, houbo que preparar un pequeno Belén, houbo que ir á casa de alguén, houbo que ...). Trátase de que vexan que para celebrar a festa do Nadal houbo que facer algunhas cousas primeiro.
- 7.- Agora colorean o que deixaron do debuxo da páxina 47 co sentido de que para celebrar o nadal todos (pais e nenos) tiveron que preparar antes as cousas do Nadal).
- 8.- Lemos a páxina 49 do libro. Son tres personaxes que invitaron a preparar o nacemento de Xesús. O primeiro é o “profeta”, o segundo é “xoán bautista” e o terceiro é María. Conforme imos lendo imos coloreando o debuxo e pondo o nome que lle corresponde. Escribimos na ficha a frase final da páxina 49.
- 9.- Facemos os exercicios que se nos propoñen na páxina 50 da ficha.
- 10.- No caderno escribimos:

Resume do tema 8:

**OS CRISTIÁNS PREPARÁMONOS DURANTE O ADVENTO PARA
CELEBRAR EN NADAL O NACEMENTO DE XESÚS.**

(esta frase está na páxina 47 do libro) (se dera tempo podemos dicir cousas
que fixemos nos días de nadal).

Tema 9.- María, nai de Xesús, e nosa nai.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 53 da ficha. Seguro que non saben o que significa a palabra “inmaculada”, polo que poden sustituila por “moi boa”. Colorean primeiro o neno, logo a súa nai, e por último a María (a nai que está detrás).
- 4.- Lemos no libro na páxina 54 o apartado “a vida dinos”, e completamos na ficha o que nos falta no cadrado da páxina 54. E coa axuda da catequista imos escribir na ficha a carta que se nos propón. E logo lemos o que cada neno escribiu.
- 5.- Lemos no libro na páxina 55 o apartado “o señor dinos” e completamos na ficha os textos que nos faltan. Fixámonos que hai dous diálogos, un é entre María e o anxo e o outro é entre María e a súa curmá Isabel.
- 6.- Facemos na ficha na páxina 56 o primeiro exercicio unindo con frechas segundo corresponda (podemos mirar polo libro na páxina 55).
- 7.- Facemos na ficha na páxina 56 o segundo exercicio. Primeiro escribimos en cada círculo a palabra que nos falta, e logo coa axuda da catequista imos unindo con frechas intentando primeiro que os propios nenos dean coa resposta axeitada. (Elixida vai con Deus elixiuna, Nai de Deus vai con deu a luz a Xesús, Nai nosa vai con Xesús entregounola como nai, Inmaculada vai con Deus quíxo a fermosa, Crente vai con fiouse de Deus, e Intercesora vai con agora intercede por nós).
- 8.- Colorean as letras da oración do Ave María. Vai nunha folla aparte.
- 9.- No caderno escribimos:
Resume do tema 9:
Escriben a letra da canción que teñen na páxina 57 do libro no apartado “cantamos”

Tema 10.- Xesús, o Mesías, nace en Belén

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 59 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo empezando por Xesús, logo os nenos, e logo os seus pais.
- 5.- Pasamos á páxina 60 do libro e falamos do Nadal contestando de palabra as dúas primeira preguntas que veñen no apartado “a nosa vida”.
- 6.- Facemos na ficha o exercicio de completar as palabras, e coloreamos o debuxo.
- 7.- Contestamos na ficha as tres preguntas finais e logo dicímoslle aos compañeiros o que escribimos.
- 8.- Completamos na ficha os textos que faltan na páxina 61 da ficha. Imos pouco a pouco mirando o papel que eses personaxes teñen no belén. Imos copiando os textos e imos pondo cor a cada debuxo.
- 9.- Facemos a páxina 62 da ficha.
- 10.- No caderno escribimos:

Resume do tema 10:

Nadal: Grazas, Xesús, por vires compartir a nosa vida. (Está na páxina 59 do libro). (Escribimos a letra dalgunha panxoliña de Nadal que coñezamos. Pode ser “Con un sombreiro de palla”).

Tema 11.- Xesús é Deus e home verdadeiro

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 65 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo falando de como Xesús colaboraba coa súa familia axudándoos na súa casa na aldea de Nazaret.
- 5.- Lemos a páxina 66 do libro, e comentamos o que nos suxire o debuxo. Son actividades importantes e que nos axudan a medrar. Completamos as palabras do crucigrama. Unha vez que as temos corrixidas imos copialas no caderno.
- 6.- Mirando polo libro completamos os textos que nos faltan na páxina 67 da ficha. Coloreamos os tres debuxos que nos axudan a ver como de verdade foi Xesús.
- 7.- Escribimos na ficha as tres ou catro cousas que Xesús aprendeu na súa familia. (é o primeiro exercicio que temos na páxina 68 que nos pide enumerar as cousas que Xesús aprendeu a facer na súa familia).
- 8.- Na páxina 68 da ficha completamos as frases que nos faltan e facemos o exercicio de verdadeiro e falso, e corrixímolos.
- 9.- Facemos na ficha o terceiro exercicio da páxina 68 escribindo o número e o texto axeitado para cada debuxo e corrixímolos.
- 10.- No caderno escribimos:
Resume do tema 11:
Coma Xesús eu quero: (escriben dúas das catro cousas que nos suxire o apartado “realizamos” que temos na páxina 69 do libro).

Tema 12.- O bautismo de Xesús

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 71 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo falando de como Xesús foi un día bautizado no río Xordán por Xoán o Bautista (o seu curmán).
- 5.- Completamos a páxina 72 da ficha facendo o noso DNI.
- 6.- Completamos os textos que nos faltan na páxina 73 da ficha. Para axudarlle a entender os debuxos podemos lerlle o evanxeo cando nos conta como Xesús foi bautizado.
Colorean os catro momentos máis importantes do bautizo de Xesús (debuxos da páxina 73).
- 7.- Na páxina 74 contestamos as catro preguntas (teñen as respostas na páxina anterior).
Lemos o que nos di o evanxeo de Lucas e completamos as palabras que nos faltan.
No último exercicio pomos as palabras no lugar que corresponda.
- 8.- No caderno tomamos nota das diferenzas que hai entre o bautizo de Xesús e o noso:
por exemplo o de Xesús foi nun río e o noso en
o de Xesús foi con trinta anos e o noso tiñamos menos de
o de Xesús foi el só e no noso estaban os nosos pais, ...
o de Xesús foi feito por Xoán Bautista e o noso foi

Tema 13.- Xesús anúncianos a boa noticia: o evanxeo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 77 da ficha.
- 4.- Coloreamos o debuxo da páxina 77 empezando por Xesús. El está falando e todos están atendendo ao que el di, porque estalles a falar de que Deus é o noso Pai e todos nós somos irmáns. As cousas que lles di Xesús son boas noticias e nótaselles na cara a eles. Isto dicimos que é o evanxeo: a boa noticia que nos trae Xesús (a palabra evanxeo significa “boa noticia”).
- 5.- Facemos na ficha o exercicio que se nos propón na páxina 78. Logo os nenos van lendo o que escribiron, van contando as boas noticias que lles gustaría poder contar a todos.
- 6.- Na páxina 79 do libro temos a boa noticia de Xesús. O máis importante que el nos contou foi que ... (lemos e completamos o que falta na ficha na páxina 79, e coloreamos as cousas máis importantes que se nos din.
- 7.- Ensinámoslle unha biblia, e da biblia imos escoller os evanxeos de Mateo, Marcos, Lucas e Xoán. Falámoslle de que os evanxeos foron escritos para poder recordar as boas noticias que Xesús nos quixo dar a todos. Do evanxeo imos ler un texto, o das benaventuranzas. Amosan onde está a verdadeira felicidade. Lemos cada unha destas frases e procuramos que comprendan o que nos quere ensinar Xesús.

Di Xesús: Felices os pobres

Dicimos nós: quen é máis feliz, o egoísta ou o que comparte o que ten?

Di Xesús: Felices os que choran

Dicimos nós: quen é máis feliz, o que se ríe do que está a chorar, ou o que chora e sente pena por aquela persoa que está triste e chora por algo?

Di Xesús: Felices os pacíficos

Dicimos nós: quen é máis feliz, o que pelexa por todo, ou o que é pacífico e non pega aos demais?

Di Xesús: Felices os que son capaces de perdoar

Dicimos nós: quen é máis feliz, o que gardar rancor e odio, ou o que é capaz de facer as paces?

Di Xesús: Felices os que sexan perseguidos por defenderme e dar a cara polo evanxeo

Dicimos nós: quen é máis feliz, o que se avergonza de ser crente e amigo de Xesús, ou o que non oculta dicir que é cristián e amigo de Cristo?

Di Xesús: Felices os que na vida son xustos.

Dicimos nós: quen é máis feliz, o que na vida non lle importa tratar mal aos demais con tal de aproveitarse deles e pasalo ben, ou o que está disposto a ser xusto, a tratar ben aos demais sen aproveitarse deles?

Di Xesús: Felices os de bo corazón

Dicimos nós: quen é máis feliz, o ruín de corazón que non lle importan os demais, ou o de corazón bo e limpo que quere tratar aos demais sen aproveitarse deles?

Coa axuda destas frases que nos contan as benaventuranzas de Xesús imos completar a páxina 80 da ficha.

Tema 14.- Xesús tráenos o Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 83. Coloreamos o debuxo, trátase de que vexan que con Xesús algo novo comeza a medrar e a dar froitos na terra. A isto os cristiáns chamámoslle “Reino de Deus”.
- 4.- Lemos na páxina 84 o apartado “a nosa vida” e completamos os textos que nos faltan nos círculos. Comentamos cos nenos as ensinanzas de cada un dos contos. Cada neno elixe un conto e no caderno escribe a historia. Logo na ficha debuxa ao personaxe elixido e escribe as ensinanzas que o conto nos amosa (exercicio final da páxina 84).
- 5.- Traballamos o apartado “o señor dinos” completando os textos que nos faltan. Imos axudar lendo os textos do evanxeo que nos contan esas historias. Imos escribindo os títulos que faltan.

Xesús contoulle á xente esta parábola:

- Parécese o Reino dos ceos a un home que bota semente na terra, e durma ou estea esperto, sexa de noite ou de día, a semente agroma e medra, sen que o home chegue a saber como. A terra vai dando froito pouco a pouco por si mesma: primeiro herba, logo espigas na herba, e logo os grans ben abundantes nas espigas. E cando o froito está maduro méteselle o fouciño porque é o tempo da colleita. Así é o reino de Deus. (Evanxeo de Marcos 4, 26-29)

Xesús contoulles aos apóstolos esta parábola:

- Parécese o Reino de Deus a unha semente de mostaza que un home sementou na súa horta. O gran de mostaza ven sendo a máis pequerrecha de todas as sementes, pero cando medra chega ser tan grande como unha froiteira, converténdose nunha árbore de xeito que os paxariños veñen facer niños nas súas polas. Así é o reino dos ceos. (Evanxeo de Mateo 13, 31-32)

Dilles Xesús ás multitudes esta parábola:

- O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira: o home que o atopou vólveo a agachar; e, cheo de alegría, vai vender canto ten para mercar aquela leira. Así é o reino de Deus. (Evanxeo de Mateo 13, 44)

Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas:

-Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir. Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!" Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Entón o rei, díxolles ós criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda". Saíron ós camiños os criados e xuntaron a tódolos que atoparon, sen importar se eran enfermos, pobres, ou necesitados. Así foi como a festa de vodas se puido facer. Así é o reino de Deus. (Evanxeo de Mateo 22, 1-10)

- 6.- Lemos a páxina 86, completamos os círculos escribindo correctamente o conto (parábola) que corresponde con cada caso.

Tema 15.- Xesús fai cousas admirables

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 89 da ficha. Coloreamos primeiro a Xesús (porque está facendo cousas boas) e logo coloreamos a todas as outras persoas que se están achegando a el con problemas. (Este debuxo serve para ver que Xesús sempre buscaba o mellor para todos, e así fixo cousas admirables : milagres).
- 4.- Lemos na páxina 90 o apartado “a nosa vida” e mirando o debuxo contestamos no caderno ás dúas preguntas que se nos fan. Coloreamos as boas cousas que se están facendo no debuxo.
- 5.- Facemos na ficha na páxina 90 o exercicio de completar as boas accións que necesitan cada unha desas persoas, e logo lemos o que cada quen escribiu.
- 6.- Completamos a páxina 91 escribindo os textos que nos faltan e que nos axudan a comprender que Xesús sempre fixo o ben, e así as milagres son as accións coas que Xesús demostra canto quixo a aquelas persoas (sobretudo as que tiñan máis problemas naquel tempo).
- 7.- Facemos a páxina 92 da ficha: buscamos as palabras na sopa de letras, completamos os textos que faltan no diálogo entre os nenos e Xesús, contestamos ás dúas preguntas que nos veñen ao final da páxina, e escribimos o texto que nos falta no cadrado do final da páxina.

- 8.- No caderno copiamos :

Resume do tema 15:

Xesús ¿que queres dicirnos cos milagres que fas?

Os milagres que fago son signo de que:

- 1 No nome de Deus Pai fago grandes cousas
- 2 Son Fillo de Deus e podedes confiar en min
- 3 Comigo, o amor de Deus xa está entre vós
- 4 Eu son o voso Salvador para axudarvos na dor,
na enfermidade e na morte

Tema 16.- Xesús ora e cumpre a vontade do seu Pai

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 95 da ficha. Coloreamos o debuxo no que atopamos a Xesús falando con Deus (rezando).
- 4.- No caderno, coa axuda do debuxo e das preguntas que temos no final da páxina 96 escribimos cousas da nosa familia. Despois contamos aos compañeiros algunhas desas cousas que escribimos da nosa familia. Rematamos coloreando o debuxo da páxina 96 que nos recorda a nosa casa e a nosa familia.
- 5.- Completamos os textos que faltan na ficha na páxina 97. Nesta páxina atopamos con que Xesús rezaba, é dicir, falaba con Deus Pai das cousas máis importantes da súa vida. Coloreamos os tres momentos nos que Xesús fala con Deus Pai. Facemos o exercicio de completar a frase coas palabras que faltan. Despois de corrixir e ter a frase ben, copiamos a frase no caderno (é a frase máis importante deste tema no que falamos de Xesús rezando).
- 6.- Facemos a páxina 98 completando os textos que faltan, e despois unimos con frechas como corresponde. Coloreamos o debuxo.
- 7.- No caderno escribimos:
Resume do tema:
Xesús ensinounos a oración do NOSO PAI
para falarmos con Deus como facía El.
- 8.- Se dera tempo escriben no caderno a oración do noso Pai, podendo ser sen copiala, e logo comprobamos que non teña erros.

Tema 19.- Xesús celebra a Pascua

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos mirando polo libro os textos que faltan na páxina 113 da ficha. Coloreamos primeiro a Xesús (porque na Pascua lembramos a súa última cea), coloreamos logo o año, o pan e o viño (porque iso é o que cean todas as familias do pobo de Xesús), e coloreamos logo os discípulos (porque Xesús ceou con eles e pediulles que nunca se esqueceran daquela cea).
- 4.- Lemos na páxina 114 o apartado “a nosa vida” e contestamos ás preguntas dialogando cos nenos sobre as festas que celebramos na nosa vida.
Na mesma páxina 114, e coa axuda do debuxo, imos lembrar que no pobo de Xesús tamén celebraban unha festa moi importante. Completamos o que di o pai, e contestamos ás tres preguntas que nos veñen ao final da páxina.
- 5.- No libro lemos a páxina 115 e completamos na ficha o texto que nos falta no primeiro dos cadrados.
Imos pouco a pouco para ir distinguindo os días máis importantes da pascua. No primeiro apartado completamos o texto que nos falta, e imos escribirlle ao lado “DOMINGO DE RAMOS”.

(Lémoslle este texto da biblia:

Cando se achegaban a Xerusalén, cerca de Betania, a o pé do Monte das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípulos dicíndolles:

-Ide á aldea e traédeo o burro.

Foron alá, atoparon o burro atado ao portal, e leváronllo a Xesús, que montou nel así que o cubriron cos seus mantos. Moitos estendían tamén os seus mantos no camiño, para que lle servisen de alfombra; e outros, botaban ramallos cortados das oliveiras que había á beira do camiño.

E tanto os que ían diante coma os de detrás, exclamaban:

-¡Hosanna! ¡Hosanna; ¡Bendito o que vén no nome do Señor! ¡Hosanna no ceo!

Falamos cos nenos do que o debuxo representa, e lembrámoslle que iso é o que recordamos cando levamos as palmas de oliveira o día de domingo de ramos.

6.- Completamos o texto que nos falta no segundo e no terceiro debuxo, e escribímoslle ao lado dos dous debuxos “XOVES SANTO”.

Lémoslle este texto da biblia:

Cando se achegaban as festas da Pascua os discípulos de Xesús foron preparalo todo para a gran cea da festa.

Mentres estaban a cear, Xesús colleu pan, deu grazas, partiuno e deullo, dicindo: -Tomade, isto é o meu corpo.

E collendo unha copa, dando grazas, pasoulla, e todos beberon dela. E díxolles: -Isto é o meu sangue, da Alianza, vertido por todos. Cada vez que comades este pan e bebedes desta copa estaredes facendo memoria de min.

Despois Xesús ergueuse da mesa, sacou a túnica, botou auga nunha palangana e púxose a lavarlle os pes aos discípulos. Cando acabou volveu sentarse á mesa e díxolles:

Deivos así un exemplo para que tamén fagades vós. Por iso, isto é o que vos pido “que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí”.

Falamos cos nenos do que os dous debuxos representan, e lembrámoslle que iso é o que recordamos no día de xoves santo. Tamén lle dicimos que iso é o que facemos cada domingo na misa (recordar aquela cea de Xesús cos seus amigos compartindo pan e viño).

7.- Facemos os dous exercicios que se nos propoñen na páxina 116 da ficha.

Tema 20.- Paixón e morte de Xesús

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Falamos do que celebramos os cristiáns o día de venres santo. No caderno escribimos:

“O día de venres santo os cristiáns recordamos a Xesús dando a vida na cruz por todas as persoas, así demostrou que nos amaba de verdade”.

- 2.- Ímoslle ler a historia dunha nai moi especial (pax 120).
- 3.- Contestan no caderno ás preguntas que nos veñen no final da páxina, e logo lemos o que escribiron.
- 4.- Facemos no caderno uns debuxos sinxeliños que expliquen o que pasa nesta historia.
- 5.- Despois contámoslle a os nenos que con Xesús pasou algo parecido, porque El por amarnos e por querer o mellor para nós sufriu e matárono nunha cruz.
- 6.- Traballamos a páxina 121 fixándonos nos debuxos e completando os textos que faltan.
- 7.- Colorean estes debuxos.
- 8.- Fan o exercicio da páxina 122.
- 8.- Repasamos explicando que Xesús deu a vida por todos e así nolo recordan os cruceiros que hai na parroquia (son as fotos do Xesús que nos dá vida). Isto é o que recordamos no venres santo. Tamén poden achegarse á igrexa para descubrir todo o que hai no interior e que nos lembra a paixón de Xesús (crucificados, cruces, vía crucis, ...)

Tema 21.- Xesús resucitou ao terceiro día

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Recordamos os dous temas anteriores nos que falamos de xoves santo e venres santo. Agora imos co que pasou despois destes dous días na vida de Xesús. Falamos do que os cristiáns celebramos o sábado santo. Temos que escribir no caderno o título do tema e escribimos :
“o sábado de pascua os cristiáns celebramos a resurrección de Cristo”.
- 4.- Coloreamos a portada, na que se ve unha cova coa porta aberta, na que enterraran a Xesús. Este debuxo amósanos a Xesús Resucitado.
- 5.- No caderno, e en letras grandes escriben a frase XESÚS RESUCITOU E VIVE PARA SEMPRE.
- 6.- **Leemos este texto que nos fala da Resurrección de Xesús:**
*Naquel día María a Magdalena foi ó sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Pedro e Xoán, díxolles:
-Colleron do sepulcro ó Señor, e non sabemos onde o puxeron.
Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ó sepulcro. Xoán chegou primeiro, e agachándose viu, pero non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Entón entrou tamén Xoán e viron os panos con que envolveran o corpo de Xesús, pousados alí. Viron e creron, pois aínda non entenderan que era preciso que resucitase de entre os mortos.
Pedro, Xoán e María Magdalena foron a contarlle a os demais que Cristo estaba Resucitado.*
- 7.- Traballamos a páxina 126 explicando a historia do gran de trigo, despois os nenos contestan no caderno as preguntas que temos ao final da páxina 122.
- 8.- Completan os textos que faltan na páxina 127 e pomos cor aos debuxos.

9.- Traballan a páxina 128 contestando as preguntas do primeiro exercicio.

Para resolver lemos estes textos da biblia no evanxeo de Xoán 19, 38-42

Despois disto, Xosé o de Arimatea, que era discípulo de Xesús –anque ás agachadas, por medo ós xudeus-, rogoulle a Pilato que lle deixase retirar-lo corpo de Xesús. Pilato accedeu. Foi e retirou o corpo.

Foi tamén Nicodemo –aquele que primeiramente viñera onda Xesús de noite-, levando unha mestura de mirra e áloe de case cen libras.

Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume sepultar entre os xudeus, enfaixárono en panos, con aromas. No sitio onde crucificaran a Xesús había un xardín, e no xardín un sepulcro novo, que aínda non usara ninguén.

Puxeron alí a Xesús, por mor da Preparación dos xudeus, pois o sepulcro estaba cerca.

Tamén imos ler no evanxeo de Lucas 24, 1-9

Na madrugada do domingo (o primeiro día da semana) as mulleres foron ao sepulcro levando os perfumes que tiñan preparados. Pero atoparon quitada a lousa, arredada do sepulcro. Entraron e viron que o corpo de Xesús non estaba alí. Entón, mentras estaban todas perplexas por aquilo, apareceron dous anxos con vestidos resplandecentes. Cheas de medo miraban para o chan, pero eles dixeron: Porque buscades entre os mortos a quen está vivo?. Non está aquí, resucitou. Recordade o que vos dicía en Galilea: que era necesario que o entregasen, que o crucificasen e que resucitase ao terceiro día.

A elas acordáronlle aquelas palabras, e volvendo do sepulcro anunciáronllo aos Once e aos demais.

Tamén imos ler no evanxeo de Xoán 20, 27-29

Oito días despois estaban reunidos os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, e poñéndose no medio díxolles: Paz con todos vós. Despois díxolle a Tomé: Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans, trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo senón home de fe.

Tomé respondeulle: Meu Señor e meu Deus.

Xesús díxolle: Tes fe porque me viches, benaventurados os que creron sen verem.

10.- Facemos na páxina 128 os dous últimos exercicios.

Tema 23.- Xesús revélanos a vida íntima de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o número e o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Completamos a portada cos textos que faltan.
- 4.- Facemos a páxina 138 (non vale contar as letras para saber cales son as palabras).
- 5.- Completamos a páxina 139.
- 6.- Facemos os tres exercicios da páxina 140.
- 7.- No caderno copian o círculo que completamos na páxina 139 dende “tres persoas distintas” ata “un só Deus verdadeiro”. Con isto estamos resumindo todo o traballado neste libro de catequese.

CATEQUESE DE REPASO AO TRABALLADO NO CURSO

Para este tema final imos repasar todo o que estivemos traballando.

- 0.- Cubrimos a ficha de asistencia.
- 1.- Miramos no libro ou nas fichas os temas que demos traballado, copiamos os títulos dos temas nunha folla en branco do caderno.
- 2.- Miramos no caderno e nas fichas se traballamos eses temas, pois é posible que algúns non viñéramos. Imos anotando na mesma páxina do caderno os títulos dos temas que non fixemos.
- 3.- Na ficha de asistencia contamos cantas veces viñemos á catequese e pomos o dato no caderno. Pomos tamén o número de veces que faltamos á catequese.
- 4.- Para rematar poden escribir no caderno unha oración a Xesús na que lle falen e lle agradezan o que este ano foron compartindo na catequese.
- 5.- Tamén as catequistas poden dicir o que máis lle gustou das catequese deste curso, e poden tamén valorar positivamente os esforzos que os nenos foron facendo ao longo de todo o ano.